

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 16 DE DECEMBRO DE 2025**

### **PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández

### **ASISTENTES:**

D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez  
D. Raúl Varela Fraguio  
D. Manuel Castro Uzal

### **NON ASISTEN:**

D. Rubén Vázquez Pérez  
D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas do día dezaseis de decembro do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D<sup>a</sup>. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Non asisten á sesión os/as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez e D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán.

Actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 9 DE DECEMBRO DE 2025**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 9 de decembro de 2025, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 9 de decembro de 2025.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local da seguinte publicación:

- Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, Ministerio de Economía, Comercio e Empresa, Resolución de 9 de decembro de 2025, pola que se actualiza o Anexo 1 incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. BOE número 296, de 10-12-2025.

### **3.- PROPOSTAS**

#### **ÚNICA. PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE OBRA DE “INTERVENCIÓN PARCIAL NO PECHE PERIMETRAL DO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL “OS PINARES” POR RISCO DE COLAPSO”. EXPEDIENTE NÚMERO 2025/C002/000031**

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 12 de decembro de 2025 (CVD: 0fqEbiS1xznz4qXD/Wfa), que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Vista a proposta e informe de necesidade de data 20 de novembro de 2025 (CVD: D6cUtzfH7leQ1hq9wkPj), asinado polo Concelleiro delegado da Área de Turismo, Patrimonio, Sanidade, Deportes e Xuventude, o Concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico e o Coordinador de actividades culturais e educativas

Vista a Memoria asinada polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino de 17 de novembro de 2025 (CVD: nqY3rd8kW34chPWX6GMH).

Vista a Memoria Valorada asinada polo Coordinador de actividades culturais e educativas en data 30 de novembro de 2025 (CVD: NNU9OO+8VwRsPGnbNtHw).

Visto que consta no expediente o documento RC por importe de 11.169,47 € asinado polo interventor accidental en data 21 de novembro de 2025.

Visto que por Providencia do concelleiro Delegado da Area de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 21 de novembro de 2025 (CVD: U45K7EQ9QwMQGr4AlvDj) se dispuxo a publicación no Perfil do contratante do Concello do anuncio do contrato menor do presente expediente por prazo de cinco días hábiles desde a referida publicación para a presentación de ofertas coa publicación asimesmo da descripción técnica valorada, anexos e criterios de adxudicación que constan no expediente.

Visto o informe do Coordinador de actividades culturais e educativas, de data 2 de decembro de 2025 (CVD: Sd/Rsy+hIB4lsq0MtlHR), no que, entre outras cousas di:

“(…)

En relación co expediente de contrato menor de referencia emítese o seguinte **INFORME**:

**Primeiro:** o 21.11.2025 publicouse na Plataforma de Contratación do Sector Público anuncio de licitación para o expediente 2025/C002/000031 INTERVENCION PARCIAL NO PECHE PERIMETRAL DO CAMPO MUNICIPAL DE FUTBOL OS PINARES POR RISCO DE COLAPSO cun prazo de presentación de ofertas ata o 28.11.2025.

**Segundo:** o criterio de valoración establecido e o prezo.

**Terceiro:** presentaron ofertas as empresas que a continuación se relaciona.

Empresa	PREZO OFERTADO (IVE incluído)
IAM RUMBO Instalaciones y Obras SL	11.169,46 €

**Cuarto:** Vista a oferta e documentación presentada polo seguinte licitador IAM RUMBO Instalaciones y Obras SL que presenta oferta atendendo ao criterio de valoración establecido **PROPOÑO**:

Adxudicar o contrato menor para a INTERVENCION PARCIAL NO PECHE PERIMETRAL DO CAMPO MUNICIPAL DE FUTBOL OS PINARES POR RISCO DE COLAPSO a IAM RUMBO Instalaciones y Obras SL, co CIF B15448004 e domicilio en PEIRO DE ARRIBA 6A, CULLEREDO por un importe de 9.230,96 euros máis o 21% de IVE, que supón un total 11.169,46 (IVE incluído), por ser a empresa que fixo a seguinte mellor oferta atendendo ao criterio de valoración establecido.

Consta no expedinte a seguinte documentación aportada pola empresa proposta como adxudicataria do contrato:

- 1 Oferta económica
- 2 Declaración responsable
- 3 Documento de Rexistro no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia
- 4 Documento acreditativo do pago do IAE no ano actual (...)

Visto o informe desfavorable emitido pola técnica de xestión da administración xeral interina co conforme da secretaria xeral, de data 4 de decembro de 2025 (CVD: viT8p4MVW46UsgZL+Fa4) no que, entre outras cousas, di:

“(…/…)”

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeira.-** O artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), (modificado polo Real decreto-lei 3/2020, de 4 de febreiro) regula o expediente de contratación en contratos menores dispoñendo o seguinte:

“1. Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.

2. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado anterior.

3. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

4. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

5. O disposto no apartado 2.º deste artigo non será de aplicación naqueles contratos cuxo pago se verifique a través do sistema de anticipos de caixa fixa ou outro similar para realizar pagos menores, a condición de que o valor estimado do contrato non exceda de 5.000 euros.

6. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.” Polo que atinxe a súa duración, o artigo 29.8 do dito texto legal establece que os contratos menores non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga.”

No Concello de Cambre, ademais da regulación citada, cómpre ter en conta a contida nas bases de execución do presuposto, que establece outros requisitos adicionais.

Así, a base 26.2, que regula a tramitación dos contratos menores e as normas ás que se debe atender, establece, ademais da necesaria incorporación do documento contable de retención de crédito, que:

“/.../...).Deberá xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. Dito extremo haberá de ser informado por parte do xefe da área tramitadora do expediente de contrato menor. Se non se cumpre este requisito a contratación será obxecto de reparo suspensivo pola intervención municipal”.

Por outra banda, o artigo 65 da LCSP dispón, á hora de regular a capacidade para contratar, que só poderán contratar co sector público as persoas naturais e xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou, nos casos en que así o esixa a lei, se atopen debidamente clasificadas.

Engade o parágrafo segundo do dito artigo que os contratistas deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización das prestacións que constitúan o obxecto do contrato.

Especificamente, para os contratos menores o artigo 131.3 da LCSP preceptúa que “3.Los contratos menores podrán adjudicarse directamente a cualquier empresario con capacidad de obrar y que cuente con la habilitación profesional necesaria para realizar la prestación, cumpliendo con las normas necesarias en el artículo 118”

O artigo 30.3 da LCSP establece que a prestación de servizos realizarase normalmente pola propia Administración polos seus propios medios podendo non obstante, cando careza de medios suficientes, logo da debida xustificación no expediente, contratar de conformidade co establecido no Capítulo V do Título II do Libro II da dita Lei; no mesmo senso o artigo 116 da antedita lei que establece no seu punto 4.f) que no expediente se xustificará adecuadamente, nos contratos de servizos, o informe de insuficiencia de medios.

Os órganos de fiscalización externos e os órganos consultivos son reiterativos en limitar a utilización dos contratos menores só para satisfacer necesidades puntuais e esporádicas, concretas e perfectamente definidas e urxentes.

O obxectivo da nova regulación dos contratos menores da lei é reconducir o contrato menor a situacións excepcionais. As características das prestacións que poden ser contratadas mediante contratos menores deberán satisfacer necesidades puntuais e esporádicas, concretas, perfectamente definidas e urxentes. A sensu contrario, non poden utilizarse os contratos menores para atender necesidades periódicas e previsibles.

A oficina independente de Regulación e supervisión da contratación, na Instrución 1/2019, de 28 de febreiro, sinala, entre outras cousas, que “Así, la propia Ley, reduce la contratación directa a situaciones extraordinarias”.

A instrucción anteriormente citada da OIRESCON sinala no seu apartado II que “De acordo con el principio de competencia y como medida antifraude y de lucha contra la corrupción, el órgano de contratación solicitará, al menos, tres presupuestos, debiendo quedar ello suficientemente acreditado en el expediente. Si las empresas a las que se les hubiera solicitado presupuesto declinasen la oferta o no respondiesen al requerimiento del órgano de contratación, no será necesario solicitar más presupuestos.

Las ofertas recibidas así como la justificación de la seleccionada formarán, en todo caso, parte del expediente. De no ser posible lo anterior, deberá incorporarse en el expediente la justificación motivada de tal extremo”.

E o Consello de Contas de Galicia no informe especial de fiscalización de comunicacións de 25 de xaneiro de 2023 indica respecto da contratación menor, entre outras cousas, que : “(…/…) E incluso en relación a estas, debiera promoverse la inclusión en la normativa interna del fomento de la concurrencia en la adjudicación de los contratos menores mediante la publicación electrónica de anuncios de licitación en la línea de las recomendaciones del Código Europeo de Buenas Prácticas para facilitar el acceso de las PYMES a los contratos públicos para garantizar la efectiva transparencia y concurrencia de la contratación pública. (…/…)”

No suposto examinado, como xa se anticipou no informe de secretaría de data 21 de novembro de 2025 (CVD: GSAgo9+FMvi9+It8dTT1), á vista do exposto na proposta e o informe de necesidade (CVD: D6cUtzfH7leQ1hq9wkPj) no que, entre outras cousas, expón que: (...) considérase necesario intervir no peche perimetral do Campo de Fútbol municipal “Os Pinares” por risco de colapso, debido ao seu deterioro e por tratarse dunha instalación de gran concurrencia, utilizada por clubs, asociacións, etc(...)” o obxecto do contrato é referido a unha necesidade perfectamente previsible, xa que é previsible atender á demanda de mantemento de edificios e instalacións municipais, polo que non se axusta á legalidade a utilización da figura do contrato menor.

De feito, mostra do carácter previsible e non urxente, al menos no senso expresado polos técnicos que elaboran a proposta citada, é que consta iniciado un expediente previo no ano 2023 (expediente TEDEC 2023/C002/000083) no que consta un proxecto idéntico con idéntica xustificación a aquí transcrita (ao que non se presentaron licitadores), así como outro expediente (expediente TEDEC 2025/C002/000006) no que consta, únicamente, a mesma memoria técnica que a actual (cun presuposto inferior ao da licitación de agora) de data 24 de febreiro de 2025 (CVD +6/YUExmAxGtUxLgoeAE) cuxa tramitación non se continuou.

Se ben o criterio da que subscribe quedou exposto, para o caso de que sexa outro o criterio do órgano de contratación, e examinado o expediente infórmase que non consta no momento de exame por esta secretaría que o expediente se remitise á intervención municipal aos efectos establecidos na base 26.2 das de execución do orzamento, o que infrinxe o disposto na dita base, polo que - e se reitera, para o caso de que sexa outro o criterio do órgano de contratación verbo do sostido por esta Secretaría - debería subsanarse o expediente mediante a cumprimentación do dito trámite.

## CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto, infórmase **desfavorablemente** a contratación como contrato menor da intervención no peche perimetral do campo de fútbol “Os Pinares” (TEDeC co número 2025/C002/000031).

Lémbrese, unha vez máis, o informado pola secretaria xeral en anteriores ocasións, verbo da necesidade de regularizar sen demora os contratos que se prestan actualmente en precario, algúns declarados nulos de pleno dereito, polo que, a criterio da que subscribe procedería priorizar a tramitación destes con carácter preferente a outros relativos a prestacións que non teñen carácter de servizos básicos. Por outra banda, lembrar tamén que o Consello Consultivo de Galicia, no seu ditame 236/2025, de 31 de xullo de 2025, entre outros, sinala que “(…)Seguindo esta mesma liña, este órgano consultivo debe advertir de que a revisión de oficio nestes casos non enerva as responsabilidades que poidan derivarse nin tampouco é un procedemento que poida ser utilizado polas Administracións públicas para eludir as regras de contratación pública e orzamentaria ou para converter en habitual e ordinario un modo de actuación ao marxe de ditas regras. De aí que a constatación deste tipo de irregularidades ha de ir necesariamente acompañada da adopción das medidas tendentes a corrixilas e evitalas, o que inclúe tanto a esixencia de eventuais responsabilidades como a debida planificación e previsión das

necesidades contratuais e orzamentarias con antelación suficiente para garantir o cumprimento das esixencias legais(...).  
(...).”

Visto o informe de intervención de data 9 de decembro de 2025 (CVD: AlmVxUEnJguVMWEEFM79), no que, entre outras cousas di:

“(…)

### **INFORME DE EXISTENCIA DE CRÉDITO AXEITADO E SUFICIENTE**

**PRIMEIRO.-** Dacordo cós datos dispoñibles a data de hoxe na contabilidade municipal do ano 2025 esta Intervención informa que existe crédito axeitado e suficiente ata a cuantía máxima de 11.169,47 € para o obxecto denominado “RC INTERVENCIÓN PECHER PERIMETRAL CAMPO DOS PINARES (LEMA) POR RISCO DE COLAPSO” na aplicación 342.6220. Documento contable asentado na contabilidade o 21.11.2025, con número de operación 17/2025 – 220250001856 e número de referencia 22025002193.

**SEGUNDO.-** A base 26ª das de execución do orzamento prorrogado 2024, do Concello de Cambre dispón: “(…) 2. Con respecto á tramitación de expedientes de contratos menores, atenderase ás seguintes normas: (...) Deberá xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. Dito extremo haberá de ser informado por parte do xefe da área tramitadora do expediente do contrato menor. Se non se cumpre este requisito a contratación será obxecto de reparo suspensivo pola intervención municipal.(…)”

No expediente 2025/C002/000031 consta documento denominado PROPOSTA E INFORME DE NECESIDADE - OBRA, asinado o 20.11.2025 polo coordinador da área de cultura e educación coa conformidade do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Xuventude e do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico (CVD: D6cUtzfH7leQ1hq9wkPj) nos seguintes termos:

#### **“4. XUSTIFICACIÓN DE QUE A CONTRATACIÓN PRETENDIDA NON SUPÓN UN FRACCIONAMENTO DO OBXECTO DO CONTRATO PARA EVITAR A APLICACIÓN DAS NORMAS XERAIS DA CONTRATACIÓN:**

O obxecto do contrato é determinado, cunha unidade operativa e unha única prestación, polo tanto, non supón un fraccionamento do obxecto do contrato.

Non é intención deste servizo técnico fraccionar o contrato ca finalidade de diminuír a cuantía do mesmo, nin eludir os requisitos de publicidade e os relativos aos procedementos de adjudicación que correspondan. Empleamos este procedemento posto que a realización da obra non pode dilatarse máis no tempo. A excepcionalidade do contrato menor derivase de tal circunstancia.

O que se fai constar a teor do establecido no artigo 118.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e Base vixésimo quinta do orzamento.”

Tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro.-** Autorizar o gasto por importe de once mil cento sesenta e nove euros con cuarenta e seis céntimos (11.169,46 €) IVE incluído con cargo á partida 342 62200 do orzamento en vigor.

**Segundo.-** Adjudicar o contrato menor de obra de “intervención parcial no peche perimetral do Campo municipal de fútbol “Os Pinares” por risco de colapso” a entidade mercantil “IAM RUMBO Instalaciones y obras, S.L” co CIF B15448004 por importe máximo de 11.169,46 € euros (IVE incluído) cun prazo de execución de DEZ (10) DÍAS LABORABLES.

**Terceiro.-** Designar responsable do contrato ao enxeñeiro técnico de obras públicas interino, D. David Fraga Germade, para que adopte as decisións e dite as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Cuarto.-** Notificar o acordo ao adxudicatario, para que execute o contrato nas condicións acordadas, con incorporación da correspondente factura, unha vez conformada polo responsable do contrato.

**Quinto:** Dar traslado da presente resolución, a través da plataforma de administración electrónica TDeC, á intervención municipal para a súa constancia e para os efectos oportunos e ó responsable do contrato.

**Sexto:** Publicar este acordo nos termos establecidos nos artigos 63.4 e 346.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e artigo 8.1 a) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o presente proposta pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 12 de decembro de 2025 (CVD: 0fqEbiS1xznz4qXD/Wfa), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

#### **4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende as 15,24 horas do día 3 ao 11 de decembro de 2025, que comezan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 1203/2025 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 1226/2025, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1203/2025	03-12-2025	Adxudicar ao Banco Santander SA a colocación de 22.000.000

		euros a un 2,00% nominal de xuro, por un período de 3 meses, sen comisións nin gastos pola operación, nin penalización por dispoñibilidade anticipada, establecéndose que se o día do vencemento fose inhábil, tomarase como data de vencemento o seguinte día hábil
1204/2025	03-12-2025	Aprobar a autoliquidación mediante o modelo 583 correspondente ao pago fraccionado do Imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica do ano 2025 por un importe de 1,96 euros, e autorizar, dispor e recoñecer obrigas por dito importe
1205/2025	03-12-2025	Aprobar a autoliquidación mediante o modelo 583 correspondente á liquidación do Imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica do ano 2024 por un importe de 10,60 euros, e autorizar, dispor e recoñecer obrigas por dito importe
1206/2025	04-12-2025	Aprobar, autorizar, dispor e recoñecer as obrigas resultantes dos recargos adicionais correspondentes ós seguros sociais do mes de setembro de 2025 á Tesourería Xeral da Seguridade Social por importe de 435,36 euros
1207/2025	04-12-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 9 de decembro de 2025
1208/2025	03-12-2025	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a devolución da garantía definitiva depositada no expediente do procedemento negociado sen publicidade e tramitación documental simplificada do Programa de Animación á Lectura do Concello de Cambre "O Moucho Leroucho". Devolver a garantía definitiva do contrato de desenvolvemento do Programa de animación á lectura do Concello de Cambre "O Moucho Leroucho"
1209/2025	04-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de data 18 de xuño de 2025 tendo en conta o informe emitido polo coordinador da Área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude, de data 4 de novembro de 2025. Aprobar as facturas por importe total de 261,94 euros
1210/2025	04-12-2025	Acceder ao solicitado e dar acceso á consulta do seguinte expediente completo de subvencións municipais nas que figure como entidade solicitante ou beneficiaria CLUB ARQUEROS DE CAMBRE
1211/2025	05-12-2025	Asignar o número 10 C á vivenda unifamiliar situada no lugar de Bribes Pequeno, Bribes. Solicitante: MSFG
1212/2025	05-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 25 de novembro de 2025, no que se emite informe desfavorable de reparo suspensivo ás facturas que se sinalan nas consideracións quinta e sétima do mesmo tendo en conta o informe emitido polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino de data 1 de decembro de 2025. Aprobar as facturas por importe total de 143.793,90 euros
1213/2025	05-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 22.05.2025, tendo en conta informe do enxeñeiro técnico de obras públicas interino de data 03.12.2025. Aprobar as facturas por importe total de 5.596,06 euros
1214/2025	05-12-2025	Aprobar e dispor o gasto, e recoñecer e liquidar obrigas a prol de CETANOIL CECEBRE SL por importe de 18.924,76 euros en

		concepto de principal (unha vez descontado un importe de 890,00 €, correspondente ás facturas xa abonadas), e de 5.944,00 euros, en concepto provisional de xuros e costas, en execución do Decreto de data 31.07.2025, recaído no ETJ Execución de títulos xudiciais 335/2025 - procedemento monitorio 681/2025 do Xulgado de primeira instancia num. 12 da Coruña, así como o seu pagamento e realización do pago mediante transferencia
1215/2025	09-12-2025	Avocar a delegación xenérica da área de da área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo efectuada a prol da segunda tenente de alcaldesa, dona Patricia Esther Espiñeira Galán dende o día 15 ao 22 de decembro de 2025, ambos os dous incluídos
1216/2025	09-12-2025	Acceder ao solicitado e remitirle a MJGH, en representación da asociación ADADYM, copia do informes de Secretaría e das facturas e informes correspondentes á prestación do SAF dende o mes de xuño de 2022 ata a data da solicitude
1217/2025	09-12-2025	Incoar o expediente de revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo denominado "conserxería e limpeza campos de fútbol: Dani Mallo.Barcala-Lendoiro e Os Pinares" prestado pola empresa Os Ventos, Innovación en Servizos S.L.
1218/2025	11-12-2025	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 8/2025 por un importe de 45.096,92 euros
1219/2025	11-12-2025	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 7/2025 por un importe de 118.873,71 euros
1220/2025	11-12-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MGQ
1221/2025	11-12-2025	Considerar desistido a PRBG da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 01/10/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1222/2025	11-12-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: RAM
1223/2025	11-12-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MRC
1224/2025	11-12-2025	Inscribir o can identificado como Nena de raza mestiza, sexo femia e microchip número 941000022173009, no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos. Solicitante: FVF
1225/2025	11-12-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por

		tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: RASM
1226/2025	11-12-2025	Expedientes sancionadores de tráfico

## **5- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e quince minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo